



CONCELLERÍA DE FORMACIÓN
CONVOCATORIA ABERTA PARA ACCIÓNS
FORMATIVAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE
FORMACIÓN

Destinatarios/as: desempregados/as empadroados/as en Narón, maiores de 18 anos. O requisito do empadroamento será verificado o último día do prazo de presentación de solicitudes e o da idade terá que cumprirse no primeiro día de inicio do curso.

Prazo de solicitudes: Desde o 12 de marzo ás 8:30 horas ata o 23 de marzo de 2018, ás 13:30 horas.

Lugar de presentación de solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, de 8:30 a 13:30 horas.

Formulario de solicitudes: Dispoñible no Rexistro Xeral e na Sede Electrónica do Concello de Narón.

Selección do alumnado:

-Por rigurosa orde de inscrición. No caso de que non se especifique orde de preferencia, entenderase que a preferencia é por orde correlativa.

-**Reserva de tres prazas en cada curso de derivación polo Servizo Sociocomunitario**, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición.

-**No curso de preparación Competencias Clave (003)**, terán prioridade aquelas persoas inscritas nas probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación, convocadas pola Xunta de Galicia baixo a Resolución do 16 de febreiro de 2018 (DOG do 26 de febreiro de 2018). Por elo, de ser o caso, xunto coa instancia deberá de presentarse unha fotocopia da solicitude rexistrada nas probas de competencias clave de nivel 2, da convocatoria indicada.

Notificación aos alumnos admitidos: se lles comunicará telefonicamente a súa admisión como alumno/a na edición correspondente cunha antelación mínima de 3 días antes do inicio de cada curso, sempre que cumpran os requisitos de acceso, sen prexízo da notificación na forma elixida na solicitude.

Ademais, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello o listado de persoas admitidas, suplentes e excluídas.

Documentación a presentar polos alumnos admitidos: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e NIF (ou similar), no prazo de tres días dende a comunicación da admisión. Ademais para o curso de preparación Competencias Clave (003) declaración responsable de non dispor da titulación necesaria para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2.

O alumnado seleccionado terá que comprometerse a cumprir as normas dos cursos.

O concello resérvase a posibilidade de anular estas accións formativas no caso de que non se cubra o 70% da participación prevista.

Na inscrición poderase indicar a orde de preferencia das accións formativas, indicándoo cos números 1 e 2, se fora o caso.

Para máis información, contactar coas seguintes persoas do Servizo Sociocomunitario:

Angel Alvarez: 981 337 700, ext. 2602

Angela Lagoa: 981 337 700, ext. 1123

Margarita Fresnillo: 981 337 700, ext. 1120

Montse Garel: 981 337 700, ext. 1107 E na sección de *servizos, formación e actividades municipais* da páxina web do Concello

Ámbito interprofesional

Código	Título	Lugar	Núm. alumnos/as	Horas	Horarios e datas previstas
003	Preparación Competencias Clave Nivel 2 (Matemáticas, lingua castelá e galega)	Centro municipal de formación (A Gándara)	15 por edición. Total 30	60	1ª e 2ª edición: Do 23 de abril ao 11 de maio. De L-V. De 9:15 a 13:45 horas.
004	Prevención de Riscos Laborais	Centro municipal de formación (A Gándara)	20 por edición. Total 40	60	1ª edición: Do 2 ao 17 de abril. De L-V. De 9:00 a 14:00 horas 2ª edición: Do 24 de abril ao 10 de maio. De L-V. De 9:00 a 14:00 horas